

En Rexenerando buscamos reforzos!

#economiasocial #economiafeminista #productivo #reproductivo #coidados #eficiencia

Quen somos?

Somos Rexenerando, unha cooperativa sen ánimo de lucro afincada en Ferrol dende 2014. Nela, un equipo multidisciplinar de persoas desenvolvemos proxectos arredor de tres eixos de traballo: igualdade de xénero, participación social e cultura. Se queres saber algo máis do que facemos, podes consultar a nosa [web](#) e os nosos perfís en [Facebook](#), [Instagram](#) e [LinkedIn](#).

Que estamos a buscar?

Para fortalecer o desenvolvemento da nosa entidade e dos nosos servizos a medio - longo prazo, buscamos unha persoa que **comparta os nosos valores e mirada** ao tempo que incorpore ao equipo un **perfil profesional especializado na xestión económica e administrativa**. Estas serían as súas funcións:

● **Xestión económico - financeira:**

- Estratexia económica e financeira: Diseñar, analizar, definir e controlar as estratexias financeiras, investimentos e subvencións.
- Revisión e avaliación das actuais ferramentas de xestión desta área (programas de facturación, xestión de horas, etc.), cara unha maior eficiencia.
- Liderado de espazos de análise grupal e de toma de decisións neste ámbito.
- Xestión contable e facturación mensual así como seguimento das obrigas fiscais trimestrais e anuais en coordinación coa xestoría.
- Seguimento e planificación da tesouraría.
- Relación con provedoras.
- Apoio coa formulación e xestión económica de orzamentos, propostas, proxectos e subvencións.

● **Xestión laboral:**

- Mellora da execución das tarefas e xestións administrativas.
- Xestionar as nóminas e os contratos coa xestoría.
- Liderar a prevención de riscos laborais.
- Tarefas administrativas propias da xestión diaria da cooperativa.

● **Xestión legal:**

- Velar pola aplicación de normativas e marcos legais.
- Xestión de seguros, certificados, etc.
- Actualización de libros societarios e elaboración de actas.
- Velar pola actualización e aplicación de plans como a LOPD, PI, etc.

Perfil requirido

- Estudos superiores en Economía ou Ciencias Empresariais (ou titulacións afíns: Ciencias do Traballo; Técnica Superior en Administración e Finanzas; Técnica en Xestión Administrativa)
- Formación e/ou experiencia no ámbito da xestión cooperativa e da economía social.
- Coñecementos de contabilidade e das súas ferramentas de xestión.
- Capacidade para a xestión do día a día e para visións e análises máis amplas do contexto económico.
- Visión analítica, formación e/ou experiencia na creación e avaliación de indicadores de xestión.
- Capacidade de organización, xestión do tempo, traballo en equipo, autonomía persoal, flexibilidade e adaptabilidade
- Boa expresión oral e escrita en galego e o uso dunha linguaxe inclusiva.

Valorarase experiencia en

- Postos con responsabilidade contable, laboral ou fiscal.
- Creación de orzamentos e na xestión económica de proxectos de diferente escala.
- Captación e xestión de fondos europeos.

Que ofrecemos?

- Incorporación a un proxecto de economía social consolidado, con contratación indefinida cun período de proba de 6 meses.
- Contrato inicial a xornada parcial (17 h) con posibilidade de axuste segundo as necesidades da entidade.
- Contrato como Oficial Administrativ@ de 1ª, segundo o Convenio colectivo de Ensinanza e Formación non regrada.
- Salario bruto anual (para xornada completa) de 16.032,87€ , cunha mellora tras o período de proba do 7,5%.
- Posto de traballo semi-presencial, podendo optar por xornada presencial en Ferrol (na rúa María, nº 94) ou modalidade mixta de teletraballo con reunións presenciais en función das necesidades da equipa.
- O coidado nos procesos internos de traballo, con atención por velar polo equilibrio entre as necesidades das persoas e do proxecto e garantir un bo clima laboral.

Como enviar a túa candidatura?

Se pensas que podes encaixar no noso equipo e no que estamos a procurar, fainos chegar a túa candidatura por medio do seguinte [formulario](#). **A data límite** para a recepción de candidaturas é o **30 de novembro**. Tras unha primeira fase de valoración de curriculum, contactaremos con aquelas persoas seleccionadas para unha segunda fase de entrevista persoal.

Mil grazas polo teu interese. Manterémosvos informadas da evolución do proceso.